

TORGNY LINDGREN

Mel de abellón

Traducido por Marta Dahlgren



Hugin e Munin

Despois da conferencia pensara en durmir nunha pensión e en continuar a súa viaxe á mañá seguinte. Levaba a roupa nunha bolsa en bandoleira. Os libros, o caderno e os lapis ían nunha carteira.

Cando todos os asistentes tomaran asento na sala de reunións da parroquia –eran quince exactamente–, entrou unha moza cunha vella cega nunha cadeira de rodas, que colocou no espazo baleiro diante do atril. Os ollos da anciá estaban cubertos dunha membrana gris: non se lle vían nin o iris nin a meniña. Falou para ela, para a cega: a esa diminuta faciana desfeita dirixiu as súas palabras.

A moza que empurrara a cadeira tamén sentou; estivo a ler un cómic que mantiña pousado riba do ombreiro da vella.

Falou sobre santos histriónicos e crédulos.

—A algúns deles chámanlles santos —dixo—, pero non posúen características en común. Apónselles ese nome de xeito casual e por azar, e se comparten algún trazo é a concentración apaixonada ou o sufrimento en relación coa existencia, un incremento da capacidade da escoita e da atención, ao tempo que demostran unha ausencia de preocupación mental. De entre eles houbo algúns que amaron os seus conxéneres; outros non.

Ningún dos asistentes quitara a roupa de abrigo. O cheiro a la era abafante. Supuña que viran a pequena

noticia sobre a súa conferencia no xornal. Poida que tamén visen o cartel estampado no taboleiro da parroquia ou na tenda da cooperativa. «Se eu non vou», pensaran, «entón non haberá ninguén».

A quietude que gardaban era total; o único movemento era o da moza tras a cadeira de rodas ao que pasaba as páxinas do cómic.

—Santa Etelreda pasou virxe por dous matrimonios; o seu extremo despiste evitou unha unión conxugal definitiva co esposo; tan acusada distracción, a modo de continencia, fixo que conservase a súa virxindade. E cando axustizaron a san Metodio, mesmo semellara que el non se dera de conta: a cabeza cortada seguía a ensinarlles a palabra de Deus aos pagáns presentes, falando da resurrección do corpo e mais do libre albedrío.

E así sucesivamente.

Había tempo ela escribira un libro sobre Johan Axel Samuelsson, o asasino do pastor protestante Moberg e da súa muller na aldea de Tillberga. O asasino tentara vivir na imitación de Cristo, pero faltáballe a capacidade. O inverno pasado impartira unha conferencia sobre a vida e os fados de criminais famosos; as comisións de cultura e as asociacións para o fomento do coñecemento pagaban as charlas.

Evidentemente, sabía a conferencia de memoria. Mentres falaba, a súa man dereita xogaba sen parar cos botóns da chaqueta a raias verdes e brancas; de cando en vez premía co polgar na pálpebra dereita, é de supor que para aliviar algunha sorte de tic nervioso.

A rentes da porta, un home estaba a botar unha soneca. Toqueneaba, e a luz da lámpada pendurada do teito reflectía na súa cabeza pelada e brillante. Parecía que non alentaba; ás veces suspiraba, se cadra por respecto, ou para non afogar.

